



LENDAS


SAN ANDRÉS DE TEIXIDO

A lenda cóntanos que o Santo Apóstolo San Andrés andaba moi triste, xa que non había ninguén que quixese peregrinar á súa capela. Todos acudían a Compostela para facer oración ante a tumba do apóstolo Sant Iago, aínda que o San Andrés tamén facía milagres e sandaba enfermos. Un día que andaba dando unha das súas camiñadas atopouse de súpeto co Noso Señor Xesucristo que viña á nosa terra para saber como andaban as cousas. Ao velo tan triste preguntoulle que lle ocorría. Entón San Andrés, aproveitando a ocasión,

díxolle: «Estou triste porque todo o mundo quere visitar o teu discípulo Sant Iago, pero

compadecéndose e con cariño, díxolle:» Tes razón Andrés, e ti non has ser me-

nos ca Xacobe. De hoxe en adiante prométoche que ninguén entrará no ceo sen visitar o teu santuario polo menos unha vez na vida, e aquel que non o faga de vivo terá que facelo despois de morto». E de aí




ninguén quere vir ata min, e o meu santuario sempre está baldeiro». O Noso Señor,

ven o dito: «A San Andrés de Teixido vai de morto o que non vai de vivo».

56 Intres
Febreiro 2005

LENDA DA FUNDACIÓN DA CORUÑA

Existiu, hai moitos anos, un rei poderoso, forte e de



grande ambición. Conquistara a terra que gobernaba (desde o río Texo ata o

Douro) servíndose da forza e obrigando a todos os seus súbditos a entregarlle a metade de todo canto posuían, mesmo os seus fillos. Por esta razón era moi mal querido entre as xentes, mais ao non teren a ninguén que os puidese defender, ninguén se levantaba contra el. Pero un día chegou Hércules a Lisboa, considerado un gran protector dos débiles. Entón os súbditos de Xerión enviáronlle unha mensaxe pedíndolle que os socorrese. Cando Hércules recibiu a mensaxe, púxose inmediatamente á disposición deles co fin de libralos do tirano Xerión. Pero este soubo dos plans de

Hércules e escapou cara ao norte todo o que puido, chegando ata a costa norte de Galicia. Ao non poder fuxir máis, Xerión estableceu unha dura loita co Hércules que se mantivo durante catro días, ata que ao final Xerión saíu derrotado. Hércules mandou que lle cortasen e enterrasen a cabeza, e que erguesen naquel sitio unha torre moi grande. Logo mandou habitar unha vila naquel lugar e ordenou tamén que se escribisen os nomes de todos os que a viñesen poboar. Á torre chamáronlle Torre de Hércules e a primeira persoa que habitou a vila chamábase Cruña.